



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 20 DE MAIO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de maio de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trece de maio de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/C/36.4/13. -


Visto o escrito presentado por **Don Francisco Estévez Cerdeira, en representación de Don José Munín Cuiñas** onde solicita Licenza de Obras para legalización de conxunto edificatorio, según Proxecto Básico e de execución redactado polo Arquitecto Don Francisco Estévez Cerdeira.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 13 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Informase favorablemente a solicitude de legalización da construción en planta baixa destinada a vivenda, porche cuberto, adega, muros de contención, e estrutura de galpón para apeiros de labranza, e as obras de remate de cuberta no galpón para apeiros de labranza. Axuntase copia da resolución emitida pola Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego de Ourense.”

Visto o informe xurídico de data 17 de maio de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante, do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico e



dictamen da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego de Ourense, na súa xuntanza do día 25-4-13”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de legalización a **Don José Munín Cuiñas**, para vivenda unifamiliar vinculado a explotación vitivinícola, para muros de contención, para estrutura de planta baixa e execución de cuberta e ampliación de edificacións en planta baixa, composto de vivenda, porche aberto e adega-rocho, muros de contención de pedra e edificación auxiliar de apeiros de labranza, no lugar de Esposende, en Ribadavia.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obtense a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Legalización de construcións varias.



Contía na que se orzan as obras: 144.779,38 €.

Situación e emprazamento das obras: Esposende.

Redactor do proxecto: Don Francisco Estévez Cerdeira.

Dirección da execución das obras: Non consta.

Nome ou razón social do promotor: Don José Munín Cuiñas.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 19/02/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 144.779,38 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 3.722,26 euros.

Importe execución material / coste da obra:	144.779,38 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	3.764,26 €	
Aboado por autoliquidación:	42,00 €	04-07-11
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	3.722,26 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.

- Respecto da seguridade na execución dos traballos:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.


Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

- Deberán cumprirse as seguintes condicións da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego de Ourense, na súa xuntanza do día 25-4-13 e do informe técnico:

-Os acabados exteriores resolveranse en morteiro de cal e area de xeito tradicional ou enfusados con pintura ao silicato en cores neutras e típicas da zona (branca, ocre, terras claras ...), sendo acordes co entorno dos elementos a protexer, non sendo o bloque material que se adapte as solucións harmónicas coa paixase e territorio.

-O material de cuberta será a tella cerámica curva suxeita sen morteiros de cemento podendo empregar ganchos de aceiro inoxidable, pero non a tella mixta por non ser tradicional; no caso de empregarse fibrocemento ou outro tipo de prancha inferior, non poderá ser visible dende ningún punto.

-Os canlóns e baixantes serán de material metálico en cinc ou cobre, prohibíndose o aluminio, pvc ou semellantes que imiten ós anteriores.



-A carpintería de aluminio será coplanar, de apertura abatible ou guillotina, sen particións nin imitacións historicistas en cor tradicional do núcleo, admitíndose o verde.

-O muro de peche, respectará as características dos peches tradicionais existentes, seguindo as técnicas, materiais e estereotomía tradicional. Non se permite o emprego de solucións de peche con perpiaño de granito nin os de granito grises ou outros materiais non propios do lugar que supoñen unha merma dos valores ambientais que definen o contorno dos elementos obxecto de protección. Asemade, terase en conta que o peche deberá tamén respectar alturas similares.

Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Non houbo

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado do Contencios Administrativo nº1, con data RE 15 de maio de 2013 N° RE 2440, relativo a execución definitiva de títulos xudiciais nº 70/2012.
2. Comunicación do Xulgado do Contencios Administrativo nº1, con data RE 15 de maio de 2013 N° RE 2445, relativo a execución definitiva de títulos xudiciais nº 70/2012.
3. Comunicación da Xunta de Galicia, con data RE 20 de maio de 2013 N° RE 2475, relativo a remisión do Convenio de Colaboración en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Vicepresidencia e a Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural e do Mar, a Deputación de Ourense e a FEGAMP, para o financiamento e mantemento dos grupos de emerxencias supramunicipais en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a implantación dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais.
4. Comunicación da FEGAMP, relativa a remisión do Convenio de Colaboración en materia de desafuzamentos.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración en materia de desafiuzamentos, facultando ao Sr. Alcalde para todos os trámites necesarios.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas “Grupo de Información Turística”, “Grupo de Auxilio na Piscina”, “Grupo de Limpeza Viaria” e “Grupo de Obras”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 3 de maio de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2013, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais”.

RESOLUCION DO 30 DE ABRIL DE 2013 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCION E DIFUSION AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA PARA O ANO 2013.-

“Vista a Resolución do 30 de abril de 2013, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a Concellos para o apoio, promoción e difusión as festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2013, publicada no DOGA nº 90, de 13 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución e solicitar a correspondente subvención comprometéndose a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a correspondente subvención prevista o abeiro da Orde do 26 de abril de 2013 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos a redución do abandono escolar nos Concellos de Galicia para o ano 2013”.

ORDE do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de



mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

Vista a Orde do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013, publicada no DOGA nº 88, de 8 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención prestando aprobación o proxecto de investimento e plano de financiamento do referido proxecto.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde.

CERTIFICACIÓN Nº3 DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACION DA AREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL”.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 3 da obra denominada “Rehabilitación da area recreativa da Veronza-O Xestal”, redactada polo técnico director da obra Dona Maria Escudeiro Rossignou, executado pola empresa Serviterra Enxeñería S.L., por un importe total de 10.992,67 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 3, anteriormente indicada por importe de 10.992,67 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Ribadavia.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñería S.L., co nº 130010 , de data 20.05.13, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.”

Consta informe de Intervención de data 06.05.2013.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

